

UNHA FAMILIA NORMAL

Texto e ilustracións de DANIELA KULOT

Tradución de CARLOS HERAS

Encadernado en cartón. 23 x 30 cm. 32 páx. 16 €

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

Unha familia normal (galego)

ISBN 978-84-1343-216-8. Álbum ilustrado. Demademora.

Una familia normal (castelán)

ISBN 978-84-1343-217-5. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Crocodilo e Girafa, uma família igual ás outras (português)

ISBN 978-989-8205-61-2. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Coma tantas outras parellas que se queren, teñen fillos:

Croquila, unha cría de crocodilo, e Rafolo, un bebé xirafa.

Xuntos, forman unha familia coma calquera outra.


Iso si, un pouco especial...

A saga de Xirafa e Crocodilo medra en emoción e aventuras cos novos personaxes de Croquila e Rafolo, unha pequena xirafa verde e un pequeno crocodilo con manchas castañas.

A familia aumentou e todos xuntos demostran que non só poden desenvolver unha convivencia perfectamente normal, senón que forman un bo equipo, capaz de saír airoso de calquera peripecia.

O relato desenvólvese na piscina, onde unha inesperada avaría provoca un gran rebumbio do que conseguen saír airosos grazas ao enxeño dos bebés xirafa e crocodilo. Tras «[Crocodilo namorado](#)», «[Unha parella diferente](#)», «[Unha casa á medida](#)» e a súa continuación con «[Unha gran sorpresa](#)», seguen achegando historias arredor de modelos de familia distintos aos convencionais, que representan a tolerancia e o respecto á diversidade a través de animais humanizados entrañables e simpáticos.

A proposta estética destaca pola expresividade dos personaxes e polo colorido das escenas, organizadas dun xeito que contribúe ao dinamismo do relato e ao seu ton humorístico combinando viñetas con ilustracións a toda páxina.



- **Temática:** familia, amor, parella, relación entre nais e pais coas súas fillas e fillos.
- **Idade recomendada:** dende 3 anos.
- **Aspectos destacables:** tolerancia, aceptación das diferenzas, convivencia, respecto aos demais, afectos, sentimentos, superar dificultades; fogar; humor; outros títulos da serie «[Crocodilo namorado](#)», «[Unha parella diferente](#)», «[Unha casa á medida](#)» e «[Unha gran sorpresa](#)»; da autora de «[Bromas na escuridade](#)».
- **Avance do libro:**
<https://kalandraka.com/unha-gran-sorpresa-galego.html>

Daniela Kulot

(Schongau, 1966)

Estudou Educación Artística, Lingua e Literatura Alemá na Universidade de Augsburg -onde tamén foi profesora de debuxo-, ademais de realizar cursos de deseño gráfico e ilustración, completando a súa formación na Escola de Belas Artes de Múnic. En 1993 empezou a traballar como pintora, ilustradora e deseñadora *freelance*. Visitando feiras internacionais de literatura infantil, a editorial Thienemann deulle a primeira oportunidade de publicar. A súa obra expúxose na Bienal Internacional de Bratislava e en cidades de Alemaña, Estonia, Rusia e Xapón, entre outros países. Os seus libros traducíronse a máis de 30 idiomas.

<http://daniela-kulot.de>

www.**Kalandraka**.com

ccomunicacion@kalandraka.com

